



A caixa de Pandora

**Memoria do
Proxecto de 1º ESO
IES Xoán Montes**

INTRODUCCIÓN

Este traballo de investigación sobre **epónimos** e frases feitas foi concebido sobre unha base verificable e tristemente real: a incuestionable discriminación de xénero existente na lingua común, que se pode vincular á marxinación xeral sufrida polas mulleres de todos os tempos.

Este equipo da BE do IES Xoán Montes leva anos traballando co alumnado a prol do recoñecemento esquecido e escurecido do papel da muller ao longo da historia. Así o testemuñan proxectos anteriores como *Toma Nota*, *Mulleres con valor*, *Bocas seladas*, *Tralas liñas*, *Cen antes que ninguén...*

Co desexo de continuar dando visibilidade ás aportacións femininas en tódolos ámbitos e que ás novas xeracións tomen conciencia de que as mulleres tamén creamos, imaxinamos, descubrimos, inventamos... consideramos a realización deste traballo como unha homenaxe a esas mulleres que deixaron pegada na Historia e ás que non, ás que son recordadas polos seus nomes e obras e ás anónimas, aquelas nais, avoas e mestras que deixaron unha marca significativa no noso corazón.

Segundo a RAG, unha lingua nai é aquela da que naceron ou se orixinaron outras linguas, mentres que, pola súa parte, a lingua materna é a primeira lingua que unha persoa aprende a falar. A nai é o principio, o fundamento. Está demostrado que o feto comeza a sentir o mundo ao ritmo do corazón da súa nai. Mentres tanto, a súa voz vaise convertendo no fío da vida: a cadencia e sonoridade da lingua nai queda así marcada para sempre no cerebro da criatura, como a melodía que envolve a letra das cancións. Decía Margarita Schultz que “*somos criaturas nacidas dunha matriz sonora*”, pero esa sonoridade debe tornarse materia. Construímos o noso mundo con palabras oportunas, expresións familiares, construcións elaboradas, fermosas, perfectas. Pero esa Caixa de Pandora das palabras, un regalo dos deuses que non nace con nós, só transcende liberadora, cando é revelada por todas as mulleres que nos introducen á vida a través da linguaxe.

Porén, paradoxicamente, se o pensamento vén sendo influenciado desde sempre pola linguaxe e viceversa, queda claro que en todos os aspectos da vida o predominante foi, e segue a ser, o masculino fronte ao feminino. Do mesmo xeito resulta evidente que o noso sistema de comunicación habitual non podería quedarse á marxe. A lingua é excluín-te, segregadora, sobre todo á hora de nomear aos creadores e ás súas creacións, case sempre varóns e occidentais. A norma son eles e os demais meros imitadores, remedos sen imaxinación.

Partindo desta realidade, decidimos abrir a **Caixa de Pandora** para revelar as mulleres REAIS detrás de tódolos aspectos da cotidianidade.

O grupo de traballo valorou diversos aspectos á hora de abordar este tema:

- A escasa visibilidade que as mulleres teñen nos medios de comunicación e nos libros de texto.
- O descoñecemento por parte do noso alumnado dos méritos e hitos que conseguiron esas personalidades femininas.
- Os beneficios para o alumnado: búsqueda de información en distintos formatos, utilización das TICS, traballo en grupo (até marzo do curso 2020), traballo colaborativo, organización de materiais e tarefas...
- O impacto a curto prazo: a posibilidade de ser utilizado este traballo como un instrumento de profundización nun tema transversal como o da Educación para a Igualdade, ademais por suposto dos posibles estudos nos ámbitos histórico, xeográfico, científico, técnico e artístico.
- Por todo isto, pensamos que sería un proxecto idóneo para o alumnado de 1º da ESO, pois as integrantes do Equipo da Biblioteca responden a esas áreas de investigación e, ao seren os benxamíns, debería-se fomentar neles unha sensibilidade especial cara a igualdade de xénero, en especial ao papel da muller como grande descoñecida nos logros da humanidade a través da historia.

Este proxecto inicialmente pretendíase desenvolver no curso 2019-2020, porén a expansión da COVID e o conseguente confinamento deixou en suspenso o remate do traballo. Con todo, o interese por finalizalo, dada a relevancia e dimensión do tema, empuxounos a retomalo neste curso (2020-2021), ampliándoo e profundizando nel.

CONTIDOS CURRICULARES

Este traballo permitiu desenvolver, contidos propios da materia de ITI (Investigación e Tratamento da Información), ademais doutros das diferentes áreas científica, humanística, lingüística e técnica:

- Comprensión de textos, atendendo especialmente á consulta en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo estudos especializados.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida, así como elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.
- Utilización da Biblioteca e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.
- Achegamento á ciencia, ás humanidades e aos grandes avances científicos a través das mulleres e a súa ollada particular.
- Utilización da lingua oral e escrita para tomar conciencia dos coñecementos, e ideas, ser quen de interiorizalas e expoñelas.
- Realización de tarefas en parellas (2019-20) e individualmente cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas.
- Coñecemento e utilización, de forma crítica das tecnoloxías da información e da comunicación como un medio para aumentar o coñecemento da realidade, pero tamén da investigación histórica.
- Valoración, sensibilidade e respecto polo papel das mulleres no avance da sociedade, da cultura e da ciencia, e as súas aportacións á linguaxe técnica e coloquial.

CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN

- Fomenta unha visión do papel da muller no mundo desde o punto de vista cultural
- Descubre a través do estudo das innovacións (dos descubrimentos e inventos) a grandes investigadoras da Historia.
- Coñece as grandes innovacións froito do traballo das mulleres.
- Investiga a procedencia xeográfica e social destas mulleres ou personaxes femininos.
- Identifica a aportación das mulleres na nomenclatura xeográfica.
- Confecciona mapas co resultado desas investigacións.
- Elabora biografías.
- Realiza exposicións orais.
- Sensibiliza ao alumnado sobre a importancia do acceso á cultura como elemento de liberación da muller.
- Conciencia ao alumnado da importancia das figuras femininas na literatura e na arte, e a súa condición de creadoras.
- Estima a valentía das pioneiras ao arriscarse nun tempo de prohibicións para o seu sexo.
- Valora os novos retos alcanzados actualmente pola muller.
- Entende a necesidade de desvelar o papel feminino no avance da sociedade, da cultura e da ciencia.
- Toma conciencia de que os coñecementos que se difunden están baseadas nunha cultura antropocéntrica.
- Recoñece as grandes barreiras que tiveron que superar as mulleres para chegar as mesmas cotas que os homes.
- Potencia nos alumnos a toma de conciencia das tremendas dificultades que a muller tivo no acceso á universidade e á investigación científica.

LINGUA GALEGA

- Revisa e reescribe un texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.
- Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

- Utiliza a BE na procura de recursos informativos para os seus traballos
- Identifica os códigos da CDU
- Realiza procuras no catálogo por autoría, título ou materia
- Usa Internet de xeito autónomo para resolver as súas necesidades de información
- Emprega palabras clave e aplica estratéxicas eficaces na procura
- Compara a información recollida en distintas fontes informativas da rede ou en outras orais ou impresas
- Identifica os obxectivos do Traballo de investigación e as súas fases
- Formula preguntas sobre o tema que se vai a investigar
- Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.
- Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo
- Elabora textos propios mediante un procesador de textos
- Realiza sinxelas presentacións para amosar os resultados da súa investigación e como apoio a súa exposición
- Incorpora imaxes ou vídeos aos seus traballos de investigación
- Cita con corrección os documentos de toda índole empregados
- Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación
- Identifica e valora as aprendizaxes realizadas

COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER

- 1.- Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A materia de ITI, así como o desenvolvemento do proxecto esixen o uso da lingua, tanto escrita como oral, como ferramenta de pensamento e de comunicación. É, polo tanto un instrumental de primeira necesidade e unha competencia fundamental que se busca desenvolver por medio dos criterios e estándares de aprendizaxe. Buscar información, seleccionar, resumir, redactar, expoñer son aspectos que contribúen ao seu desenvolvemento, e no caso concreto deste

proxecto descubrir a orixe que latexa no nome con que designamos obxectos de uso cotiá, topónimos, inventos... non cabe dúbida contribúe a que o alumno desenvolva o espírito crítico, á vez que agranda os seus coñecementos.

- 2.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Os traballos por proxectos son fundamentais para desenvolver no alumnado a competencia matemática. Neste caso permitiulles transferir coñecementos teóricos a situacións e contextos reais ao ter que traballar con datas, séculos, medidas: superficie, altitude, profundidade. Ademais, posibilitou que coñecesen as grandes aportacións que moitas mulleres, demasiadas delas escurecidas polo tempo ou sociedade na que viviron, fixeron ao pensamento científico e ao seu desenvolvemento.

- 3. Competencia dixital (CD)

A competencia dixital ten unha importancia innegable no desenvolvemento de calquera tipo de proxecto de investigación, e máis se debe desenvolverse no marco da materia de ITI. A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para resolver os problemas reais dun modo eficiente, as TIC facilitan as posibilidades de comunicación e información aínda que é preciso canalizar esa información dun xeito apropiado e responsable: saber citar fontes de información e imaxes e o uso de ferramentas de traballo colaborativo, neste caso DRIVE e Classroom.

- 4. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Esta competencia debe supor iniciarse na aprendizaxe por medio de técnicas que permitan sentar a base para continuar aprendendo no futuro. O desenvolvemento dunha investigación ten unha dimensión instrumental, e neste caso contribuíu a que o alumnado participase de forma activa e progresiva na construción do seu propio coñecemento, ao ter que buscar información (biografías, inventos, obxectos, cráteres...), priorizala, organizala e expoñela tanto de maneira dixital, como de xeito oral e por escrito.

- 5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

O desenvolvemento do proxecto contribuíu en gran maneira ao desenvolvemento desta competencia, xa que investigar sobre a orixe feminina de moitos epónimos alusivos a obxectos, astronomía, topónimos, inventos científicos, teoremas matemáticos, permitiulles

desenvolver unha actitude crítica ante as inxustizas, valorar a aportación das mulleres a evolución das sociedades humanas e tamén a respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

- 6.- A competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

No proxecto de investigación é fundamental desenvolver no alumnado as destrezas ou habilidades e actitudes necesarias para saber elixir, planificar, e xestionar os coñecementos con criterio propio, co fin de tomar decisións para alcanzar o obxectivo previsto.

- 7. Conciencia e expresión cultural (CCEC)

O desenvolvemento deste proxecto pretendeu potenciar no alumnado a toma de conciencia sobre a evolución do pensamento, da cultura ao longo da Historia, así como da diferente concepción que sobre a muller e as súas aportacións ao coñecemento se tiveron nas diferentes sociedades. Serviu para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico a contribución das mulleres ao ámbito científico e técnico, así como lingüístico e xeográfico, asumíndoo como fonte de enriquecemento persoal

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Dentro da materia de Tratamento da Investigación e Información, traballouse co alumnado de 1º da ESO:

CURSO 2019/2020: 1º A e 1º B: 49 alumnos/as

CURSO 2020/2021:

- 1º ESO A: 23
- 1º ESO B: 24
- 1º ESO C: 17

En relación ao profesorado, o Proxecto Interdisciplinar, tendo a Biblioteca do Centro como elemento coordinador, contou coa dirección de:


- Ángeles Vidal Suárez, profesora de ITI e grego. Coordinadora do Proxecto de Investigación e Tratamento da Información.

María América García Fernández, profesora de Xeografía e Historia.

ACCIONES: CALENDARIO, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

Proxecto

Accións



REPARTO DAS DISTINTAS CUESTIÓNS EN QUE SE SUBDIVIDE O TEMA XERAL:

O GRUPO TOTAL DE MULLERES SUBDIVIDIUSE EN :

Bioloxía , Matemáticas, Astronomía , Historia , Xeografía , Mitoloxía, Relixión , Literatura, Vida cotiá: gastronomía, expresións, inventos...

Cada parella de alumnos ou cada alumno individualmente debían buscar:

- Orixe da expresión, epónimo, invento...
- Datos biográficos básicos das mulleres
- Busca de imaxes ilustrativas, tanto da muller en cuestión como do contido.
- Webgrafía (páxinas de información e imaxes)




CAMBIOS DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN POR MOR DA COVID

Durante o curso 2019/20, tínhamos ao alumnado distribuído por parellas, combinando as súas características, calidades e competencias coa finalidade de que todos os grupos fosen homoxéneos, pero no 2020/21 tivo facerse de xeito individual polo protocolo anticovid vixente. Ademais, a finais do segundo trimestre do 2019/2020, co confinamento tivemos que enfrontarnos á realidade da dificultade de acceso do alumnado á rede, á falta de ordenadores, ao escaso dominio do alumnado tanto dos aspectos técnicos como teóricos do proxecto de investigación. A isto, temos que engadir que no curso 2020/2021, dada a imposibilidade inicial de usar as aulas de Informática, obrigounos á usar só o espazo da Biblioteca, onde o número de ordenadores é limitado. Polo tanto repartímolos en dous grupos: a metade da hora un grupo usaba os ordenadores, mentras os outros buscaban información nos fondos da Biblioteca.

Respecto ao terceiro trimestre, durante o curso 2019/2020, co alumnado confinado, traballouse moi lentamente, por medio do uso da plataforma colaborativa, e decidiuse, debido ás dificultades técnicas dalgúns alumnos, que traballasen de modo individual. Porén, a investigación quedou sen rematar. No 2020/2021, continuouse co traballo do curso anterior, e a partir do Terceiro Trimestre, a mellora epidemiolóxica permitiu traballar en dous puntos referenciais, un grupo na Biblioteca e outro na Aula de Informática.

IMAXES

PROCESO DO PROXECTO



PROCEDIMENTOS

Procura de información en distintos soportes.

Selección da información pertinente (texto e imaxes).

Aprendizaxe significativa.

Lectura comprensiva.

Resumo dos datos fundamentais.

Redacción de materiais de elaboración propia.

Coherencia textual.

Estruturación do texto.

Uso do DRIVE como ferramenta colaborativa.

Exposición oral

RECURSOS EMPREGADOS

Para todo o referido sobre **Educación documental** os materiais empregados atópanse en:

<http://portanona.blogspot.com/p/educaci.html>

<http://portanona.blogspot.com/p/blog-page.html>

<http://portanona.blogspot.com/p/redes-sociais.html>

<http://portanona.blogspot.com/p/ferramentas-tic.html>

As principais fontes consultadas: <https://eponimiafeminina.blogspot.com/p/fontes-documentais.htm>

Ficha modelo que se entregou ao alumnado (Vid. adxuntos)

Para a elaboración do **produto final** empregáronse as seguintes ferramentas TIC:

- Animoto, para a realización do vídeo sobre Zooloxía
- Genially, para as presentacións de Zooloxía, Matemáticas , Mitoloxía, Literatura e Vida cotiá.
- Piktochart, para a infografía de Botánica e Historia
- Imaxe interactiva, en Astronomía e Ciencia
- Google maps, para Xeografía
- Padlet, para Relixión

AVALIACIÓN

Segundo se recomenda nas orientacións para a avaliación na etapa ESO, esta ha de ser “formativa e continua”, principios que facemos nosos agora e tivemos en consideración ao longo de todo o proceso valorativo.

Antes de iniciar o proxecto explicouse aos alumnos cales eran os aspectos aos que se concedería unha maior atención, que tarefas terían que realizar e cal sería a súa importancia para a nota final, buscando como obxectivo a autoavaliación.

O modelo de rúbrica empregado foi:

CRITERIOS		DESCRITORES			
		1	4	7	10
1. Suxeición as especificacións da tarefa	Non se entrega o traballo ou non se axusta a ningún dos criterios	Cumpre só 4 dos 9 criterios da tarefa final	Cumpre 7 dos 9 criterios da tarefa final	Cumpre con 9 criterios da tarefa final	
2. Traballo en clase e cumprimento dos prazos	Non se entrega ou se supera o prazo de entrega	Remátase o traballo a última hora e/ou non se aproveitan suficientemente as clases para realizalo	Entrégase o traballo en prazo, aínda que non aproveitou todo o tempo que tivo dispoñible	Entrégase o traballo a tempo, aproveitando as clases para facelo.	
3. Contidos	Menos do 40% da información é correcta	O 60% da información é correcta	O 80% da información é correcta	Toda a información é correcta	
4. Aspectos formais e gramaticais	Non se entrega o traballo	Presenta erros ortográficos, gramaticais e sintácticos. Non se xusta ao formato do texto proposto	Conta con poucos erros ortográficos, etc. O texto axústase ao solicitado	Demostra un bo dominio da linguaxe. O texto pertence ao tipo de texto acordado.	
7. Procura de información	A información ten pouco que ver co tema e non busca alternativas	Atopa información pero non é capaz de seleccionar e sintetizar os datos	Atopa información e reelabóraa	Atopa información, resume e aporta novos puntos de vista	
Ferramentas TIC	Apréciase certo desinterese no manexo para a elaboración do produto final	Non as manexa de forma axeitada	Manexa de forma aceptable as ferramentas	Manexa con soltura as ferramentas	
8. Fontes	Non son documentadas	Só documenta a orixe do 50% da información	Só documenta a orixe do 70% da información	Rexistro coidadoso para documentar o 100% da información	
9. Calidade do traballo	Necesita ser comprobado ou feito por outros para asegurar a súa calidade	Ocasionalmente, necesita ser comprobado ou feito por outros para asegurar a súa calidade	O seu traballo é de calidade	O seu traballo é de moi alta calidade.	

Agás excepcións, o alumnado valorou moi positivamente esta forma de aprendizaxe, que cualifican como moi interesante, diferente. Pódense ver as súas respostas aquí:

<https://forms.gle/KWzW75smTxZTPzYH7>

O profesorado, pola súa parte, observou que, como vén ocorrendo dende hai 2 ou 3 anos, o alumnado non sabe usar un ordenador (maiúsculas, tils, guións, parénteses..., mesmo, ás veces non saben nin encendelo), teñen problemas, sobre todo en lingua galega, de redacción, de ortografía (uso de maiúsculas, tils,...) de presentación (parágrafos, sangría, xustificación do texto...), e cústalles moito buscar a información, normalmente recorren á Wikipedia, sen tentar buscar outras fontes alternativas. Por iso, o traballo fundamental supuxo empezar polo básico, e corrixir moitas veces, pouco a pouco observouse unha melloría, e o manexo de programas como Drive, Genially, Google maps... resultoulles máis sinxelo.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DIFUSIÓN

No momento de desenvolver o traballo, a comunidade educativa do Centro amosouse desinteresada e pouco implicada. Ano tras ano, resulta claro que estamos lonxe de conseguir que o proxecto interdisciplinar implique ao profesorado das áreas científicas e tecnolóxicas. A colaboración, cando a hai, é a excepción que confirma a regra, finalmente o peso do traballo recaeu no Equipo da Biblioteca. Outro ano máis, polo tanto, atopámonos na disxuntiva da necesidade de innovar para implicar aos alumnos na aprendizaxe, por unha banda, e por outra, as reticencias do profesorado a abandonar as antigas prácticas docentes.

No tocante á exhibición do noso proxecto ante a imposibilidade de expoñer no vestíbulo o traballo, pensamos sen embargo en difundilo o curso que vén, se a situación da COVID o permite.

O produto final está aloxado neste blog creado para a súa difusión pública:

<https://eponimiafeminina.blogspot.com/>

En Lugo a 4 de xullo de 2021

As profesoras:

Ángeles Vidal e M^a América García



IES Xoán Montes
Lugo, 2021